Trasalba 25-XI-1958

Sr. Dn. Ricardo Carballo Calero
Lugo

Meu querido e lembrado amigo: Veño de meirare como iera e se amesta nos sucos o centeo e dinantes de pórme a traballar teño a ledicia de lle por istas duas letras... O nome de F.º del Riego espertou unha fonda soante de simpatías. Soio algús resabiados da Cruña escriben cartas de diputado do anti-réxime ó que se lle pedise unha credencial de peón camineiro. Penso que o trunfo debe estare asegurado.. Foi o de crece do nome de Cunqueiro doroso pra todos os do noso lar ben xunto e pra min mais particularmente pois a todos Vdes. recordo estudantes.. Si Vde tén compromiso co il é millor que o vate caso de ser presentada a sua candidatura ou sin elo.. Algún voto solto non teria mais ecoar que o de ensañar na concorrencia da Academia unha posibre ferida de ingratitude co poeta.. Como sempre fomos unidos nas nosas cousas voulle eu escribire a Cunqueiro. Supoño que lle non ha parecer mal. Aquilino Iglesia Alvariño escribe sinalando os tres nomes de Cunqueiro, Alvarez Blázquez e Fole, en calquer ordre, pra despois de del Riego.

Estiven dous dias en Ourense e agora teño mañán pola noite que sair pra Madride a un tribunal de oposicións do que supoño que faremos soio a "obertura" e algunha sesión pra voltar pasalas as Navidás e Aninovo.. Os vellos trolecemos en ilusións como as tarecieras de istes meses. Ando a matinar novos traballos pra iste inverno. Xa en Ourense nin teño tertulias de café... Saudos a dona e fillas

C
12 1157-7

recordos de Fita pra todos Vdes, e unha aperta do vello amigo e admirador

Ramon Otero Pedrayo